

---

## Creando unha rede horizontal de acción+reflexión

Publicado por picolino - 04-10-E 02:39:19

---

¿Qué pasa coa xente?

Os usuarios desta web que teñen conciencia do mundo onde viven e non se cortan en criticar o que non aproban. Teñen ben amobladas as ideas na testa e parecen pensar con maior claridade que os políticos, eses "profesionais" da xestión dos servizos e bens públicos.

Este espazo web foi creado gracias a unha persoa e ela soa aportou grandes beneficios á nosa comunidade. Cunha enorme xenerosidade, adica grandes esforzos e horas de traballo para manternos oportunamente informados do que nos importa, do que acontece á nosa redor máis inmediato. Eu estou profundamente agradecido.

Isto, por outra banda, dame bastante que pensar... Fixate o que conseguíu unha soa persoa. Este é un espazo virtual no que a xente, coas súas aportacións puntuais (críticas comentarios, novas...) manifestan dalgún xeito o modelo ideal de concello que teñen. O seu modelo de vida. Toda esta produción literaria, nos foros e demás, quizais sexa para moitos unha vía de escape ás súas reivindicacións, á frustración de non poder participar nas decisións políticas, que moitas veces aparecen incoherentes, desmesuradas, grotescas, absurdas, pouco meditadas... Todos estamos ocupados nas nosas cousas, e aproveitamos os momentos libres, tal vez, para participar nestes espazos aproveitando a comodidade e rapidez que as novas tecnoloxías da información posibilitan.

A carga se alixera cada vez que nos expresamos, que comunicamos á mundo as nosos puntos de vista, os desacordos, as críticas. Expresarnos nos deixa en paz, á menos temporalmente. E nos reafirma atopar outras persoas que comparten as nosas inquietudes.

Aquí temos un lugar onde escribe xente comprometida coa realidade do seu entorno, con aptitudes para sacar boas conclusións. Pero... ¿que transcendencia real teñen as palabras que escriben aquí? Quizais deberíamos pensar para qué nos manifestamos. Para realizar un cambio? Tal vez tan só polo impulso de expresarse libremente. Cal é o compromiso que temos con esas opinións?

As reflexións son moi necesarias para comezar, son un inicio. E hai que trasladar estes modelos á realidade. Non deixa de ser certo que as palabras as leva o vento...

Por iso asociámonos. Hai asociacións con fins sociais, culturais, etc. Dentro do Val está o Instituto de Estudos mióranos, as asociacións de veciños, culturais... Tantas cabezas traballando independentemente... Buscando fins persoais e o mesmo tempo sociais. O ben para un, e para os demais. Nós formamos acrexoval, e temos algunhas ideas na web [www.valminor.info/acrexovalweb](http://www.valminor.info/acrexovalweb)

¿Qué ten máis valor, a acción ou a reflexión?

Ningunha sen a outra son efectivas

Unha soa persoa deunos esta oportunidade

¿Qué pasa coa xente? (e volta e a empezar)

Conceptos chave: iniciativa, participación cidadá, asociación, política, modelo de vida.  
:roll:

---

## Creando unha rede horizontal de acción+reflexión

Publicado por taurozen - 04-10-E 11:14:14

---

Non sei, a min pareceume moito supoñer que as persoas que escriben aquí pasan o resto do tempo traballando ou mirando as moscas voar... quero pensar que a maior parte están nas organizacións que citas ou en outras da súa elección. O que pasa é que no Val hai o que hai... podese ver nas eleccións, na afiliación de calquera das iniciativas que citaches ou no número de socios que ten este sitio despois de tantos anos de andaina gracias o amigo Petrus... Non hai mais cera...

---

=====

## Creando unha rede horizontal de acción+reflexión

Publicado por picolino - 05-10-E 09:01:00

---

Hai moita xente que só participa, e moita outra que non está tanto. Sinceramente creo que vivimos con demasiadas presas. É difícil pararse a cambiar algo ou a pensar cando fas mil cousas nun día. Os estudantes de hoxe, que se supoñen que son o futuro do mundo, polo menos por caso os universitarios que non céntrase no que me movo. Din que nunca teñen tempo para adicarlle a estas labores sociais, e sen embargo moitos están plenamente concienciados dos problemas do mundo e teñen ben claro a súa opstura. Cando formamos acrexoval fai uns meses houbo compañeiros que se interesaron moitísimo e pareceulles estupendo, pero lamentábanse de non ter tempo para colaborar de xeito continuado. É comprensible, aínda que non o defendo, que a xente prefira tomarse unhas caídas antes que asistir a unha reunión (aínda que se cadra poderíanse facer as mesmas cousas...) Non creo que falte xente disposta. Outra idea: se cadra o que falta é cohesión de todas esas organizacións que funcionan independentes, falla a difusión, o movemento da información (tamén é certo que o que non quere non se entera de nada), as relacións interpersonais, cooperación... (¿andaremos máis nosa bola? ¿somos máis individualistas?) A comunicación de calidade é vital en todo este asunto

¿quero vos parece?

:)

---